



**VALDOVIÑO**

## **CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DAS MEDIDAS DE APOIO ÁS FAMILIAS DESTINADAS A MATERIAL PARA O ESTUDO E AO TRANSPORTE 2026**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publicárase o extracto da convocatoria cuxa documentación completa pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **Primeiro.- Persoas beneficiarias.**

- Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións de **material escolar** as persoas físicas pai, nai, titor/a ou familias acolledoras de un/unha ou varios fillo/s ou filla/s con idade igual ou inferior a 23 anos con escolarización nos niveis de infantil, primaria ou secundaria dalgún dos centros educativos do concello de Valdoviño (exceptuando aqueles casos nos que non exista praza e Inspección determine o traslado a centros de outras localidades) ou cursando Bacharelato/ Formación Profesional nalgún centro público educativo ou nalgunha das Universidades públicas de Galicia.
- Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións de **transporte escolar** as familias con menores con escolarización en Bacharelato e Formación Profesional de Concellos próximos, así como as persoas maiores de idade que cursen estudos nalgunha das Universidades públicas de Galicia (igual ou menores de 23 anos)

Para as axudas deberán cumprir tamén o seguinte: padrón no Concello de Valdoviño, estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Seguridade Social e coa Facenda da Comunidade Autónoma, cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións e non superar os ingresos que establece o baremo económico dos artigos 6.5 e 7.5.

## **Segundo.- Finalidade**

A finalidade destas axudas é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións económicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da escolaridade.

## **Terceiro.-Bases Reguladoras**

As aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 25 de agosto de 2026.

## **Cuarto.-Importe**

Para o financiamento deste programa de bolsas establécese un crédito de contía máxima de 12000 euros, recollidos nos orzamentos municipais.

## **Quinto .- Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto 10 días naturais a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria das axudas no Boletín Oficial da Provincia

En Valdoviño, 31 de agosto de 2026

O Alcalde;

Asinado: Alberto González Fernández